



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: NOMEAMENTO TRABALLADORA SOCIAL INTERINA

O 12.09.2016 mediante Resolución de alcaldía núm. 1013/2016 aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes a traballador/a social, mediante o sistema de concurso libre, e foi convocado o dito proceso selectivo.

O 05.12.2016 mediante Resolución de alcaldía núm. 1313/2016 aprobouse a lista de aspirantes a traballador social, conforme á proposta do tribunal cualificador feita na acta do 29.11.2016, que ten vixencia ata o 31.12.2019.

O artigo 20.dous da Lei 48/2015 de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016 di "*Durante el año 2016 no se procederá a la contratación de personal temporal, ni al nombramiento de personal estatutario temporal o de funcionarios interinos salvo en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables que se restringirán a los sectores, funciones y categorías profesionales que se consideren prioritarios o que afecten al funcionamiento de los servicios públicos esenciales*".

O 29.11.2016 as traballadoras do departamento de benestar social e igualdade do Concello de Fene emiten un informe que di "*O equipo de servizos sociais informa aos responsables municipais da necesidade de contratación dun/ha traballador/a social para a substitución pola baixa laboral dunha traballadora social da plantilla dos servizos sociais municipais dende o 5 de agosto de 2016, tras ter disfrutado de parte do seu período vacacional*".

Ese feito ocasionou unha longa espera nas citas de persoas usuarias da súa zona de atención (Perlió e Maniños), sendo atendidas polo resto as traballadoras sociais do departamento só aqueles casos urxentes, dado que o equipo non pode asumir todos os casos da T.s. de baixa nin a tramitación de expedientes que xeneran nin os que estaban pendentes e acumulados da súa zona. Esta acumulación é excepcional e circunstancial neste momento debido á baixa prolongada desta profesional, unido con dúas baixas anteriores que tivo no presente ano e que non foron substituídas, así como o disfrute de parte das súas vacacións. Estes feitos xeraron un caos no traballo e na atención do público que lle corresponde por zona de atención.

Considérase que é urxente e necesaria a contratación dun/ha traballador/a social que substitúa a esta profesional de baixa e no período engadido que esté ausente por vacacións e asuntos propios, xa que hai moitas persoas que levan meses agardando ser atendidas. Esta situación poderíase solventar, alomenos en gran medida, coa citada contratación que consideramos moi urxente e inaprazable pois, de non contar con el, seguiranse acumulando as tarefas adscritas e as persoas agardando a ser atendidas e non poderían garantirse as competencias atribuídas pola lexislación aos servizos sociais municipais".

O artigo 25.2.e) da Lei 7/1985 sinala que os municipios exercen competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na "*Evaluación e información de situaciones de necesidade social y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social*". A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia encomenda unha serie de competencias ós Concellos de Galicia no artigo 60.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Avda. do Concello, s/n.- Tfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 – 15500 – FENE

C I F : P - 1503600 - G

FIRMADO POR Juventino Trigo (NIF: 76404053P) (FECHA: 20/12/2016) (FECHA: 20/12/2016); Estefanía Manteiga Lamas (NIF: 46899973Y) (FECHA: 20/12/2016);
Fecha de Decreto: 20/12/2016 - Decreto Nº: 1355/2016
Versión imprimible

CVD: VcLSdMa1VxldsV10/eD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



A disposición transitoria segunda da Lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade da Administración Local encomendaba ás Comunidades Autónomas a asunción das competencias relativas ós servizos sociais. A dita disposición foi declarada nula por sentenza do TC do 03.03.2016 (BOE núm. 85 do 08.04.2016). Pola súa parte, a disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 sinala que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación anterior a entrada en vigor da Lei 27/2013 seguirán rexéndose pola indicada lexislación.

Polo indicado, o servizo que se presta no departamento de benestar social e igualdade é de carácter obrigado para o noso concello. Tendo en conta, ademais, os destinatarios dos servizos que alí se prestan, a súa especial vulnerabilidade e a necesidade de que os expedientes se tramiten coa maior celeridade posible, debe ser considerado un servizo público esencial. Por outra parte, o Concello de Fene carece de persoal que poida ser adscrito, procedente doutros departamentos, para facer fronte á acumulación de tarefas que é posta de manifesto polas traballadoras do departamento de benestar social e igualdade.

Na relación de postos de traballo do Concello de Fene existen catro postos de traballador/a social, no departamento de benestar social e igualdade, un de réxime estatutario e tres de réxime laboral. A traballadora a substituír está desempeñando un posto de traballo cuxa cobertura lle corresponde ó persoal laboral, polo que a persoa que substitúa á traballadora municipal deberá estar suxeita co Concello de Fene a través dun contrato de traballo de duración determinada.

No día de hoxe, a traballadora municipal presentou a alta médica. Non obstante, do 22.12.2016 ó 20.01.2017 vai desfrutar das vacacións e permisos que lle corresponden.

O 07.12.2016 emite informe a axente de emprego e desenvolvemento local na que sinala, tendo en conta a lista de aspirantes a traballador social aprobada, que Pilar Couce Freire comunica telefonicamente a súa dispoñibilidade.

Tendo en conta o sinalado, vistos os informes de fiscalización favorables da intervención municipal do 15.12.2016 e 19.12.2016 e de conformidade coa normativa vixente, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Requirir a Pilar Couce Freire co DNI núm. 32638180F que no prazo improrrogable de catro días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación da presente resolución na páxina web do concello, presente a seguinte documentación:

- Certificado médico en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que ten "a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas de traballadora social".
- Declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Avda. do Concello, s/n.- Tfno.: 981 49 27 07 / Fax: 981 49 27 88 – 15500 – FENE

C I F : P - 1503600 - G



Se no prazo indicado o aspirante non presenta a documentación requirida ou o resultado do recoñecemento médico fose “non apto” non poderá ser contratada e pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que poida acreditar un suposto de forza maior.

O contrato a realizar é de eventual por acumulación de tarefas con data de finalización no 20.01.2017.

SEGUNDO.- Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Os prazos cóntanse a partir do día seguinte á publicación desta resolución na páxina web do concello.

TERCEIRO.- Publicar esta resolución na páxina web do concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.

C I F : P - 1 5 0 3 6 0 0 - G

FIRMADO POR Juventino Trigo (NIF: 76404053P) (FECHA: 20/12/2016) (NIF: 46899973Y) (FECHA: 20/12/2016) ; Estefanía Manteiga Lamas (NIF: 76404053P) (FECHA: 20/12/2016) - Decreto Nº: 1355/2016
Versión imprimible

CVD: VcLSDDMa1VxldsVt0/eD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).